

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN CATÓLICA

4º CURSO DE E.P.

PROFESORA: María Isabel Castiñeira Souto

CURSO: 2021/22

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS.
3. CONTIDOS.
 - A) BLOQUES DE CONTIDOS
 - B) UNIDADES DIDÁCTICAS
4. ACTIVIDADES.
5. TEMPORALIZACIÓN
6. COMPETENCIAS CLAVE
7. AVALIACIÓN.
 - 7.1 TÉCNICAS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN,
 - 7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
 - 7.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.
 - 7.4. MINIMOS IMPRESCINDIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.
 - 7.5. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
10. MATERIAIS E RECURSOS.
11. PROGRAMAS EDUCATIVOS
 - 11.1. BIBLIOTECA ESCOLARE E LECTURA.
 - 11.2. EDUCACIÓN DIXITAL.
12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.
13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

1. INTRODUCCIÓN.

A presente programación traballárase durante o curso **2021/22** no 4º nivel de Educación Primaria no **Ceip de Curtis**.

Non é unha programación pechada, xa que incluíra calquera proposta que axude a levar a cabo a mesma, integrando as experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptándose aos diferentes ritmos de traballo.

Durante o presente curso **2021/22** continuamos cunha serie de medidas en relación á COVID-19 en canto a:

1. Normas de organización e funcionamento.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, en caso de ser necesario de forma non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

Tamén, esta programación recolle actuacións previstas no caso dun período de actividade lectiva non presencial.

A área de Relixión Católica, no primeiro curso de primaria, propón unha síntese global e básica da mensaxe cristiá co que se pretende presentar a mensaxe cristiá debidamente secuenciada en función do nivel e da idade dos alumnos/as.

Tamén pretende situar a área nun contexto histórico e social que recolle a tradición cultural derivada da relixión católica e doutras relixións ofrecéndolle ao alumno de Educación Primaria o acervo cultural e histórico.

Ademais axuda a capacitar ao alumno mediante os obxectivos e contados, para dar sentido á súa propia vida e ter unha actitude aberta cara a ciencia a cultura e a identidade da persoa. En definitiva, ser capaz de afrontar os grandes interrogantes do ser humano e de buscar repostas.

Finalmente presentar as esixencias que se derivan da mensaxe cristiá e ofrecer un modelo de vida, un conxunto de ideas e de crenzas, e a proposta dunha escala de valores propios do ser humano.

2. OBXECTIVOS.

1. Afondar no pecado humano a través de relatos das relixións antigas.
2. Recoñecer a importancia do perdón para a felicidade.
3. Traballar os relatos bíblicos para identificar a orixe do pecado.
4. Comprender a singularidade do perdón de Deus.
5. Identificar momentos na historia de David onde se abusa da misión de Deus.
6. Coñecer as razóns polas que David sente a necesidade de redención.
7. Ler e recoñecer historias bíblicas onde Deus promete o Mesías.
8. Traballar e comprender as parábolas do perdón.
9. Valorar a sensibilidade de Xesús polos máis necesitados.
10. Recoñecer o cumprimento da vontade do Pai na paixón e morte de Xesús.
11. Comprender como Deus concede o perdón a través do sacramento da Reconciliación.
12. Recoñecer os signos da Eucaristía.
13. Recoñecer na Coresma un tempo penitencial.

3. CONTIDOS.

A) BLOQUES DE CONTIDOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A experiencia do pecado nos relatos das relixións antigas.
- O perdón como necesidade do ser humano.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- O relato do pecado orixinal: o home quere suplantar a Deus.
- Deus está sempre disposto ao perdón.
- Infidelidade á misión encomendada por Deus na historia de David.
- David sente na súa vida a necesidade de redención.
- Deus fiel promete un Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús.
- Amizade e preferencia de Xesús polos máis débiles e necesitados.
- Xesús cumpre a vontade do Pai: paixón e morte de Xesús.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- O sacramento da Reconciliación.
- A celebración da Eucaristía.
- A Coresma: tempo penitencial.

B) UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade 1. O pecado afástanos de Deus.

Unidade 2. Descubro o perdón.

Unidade 3. O Nadal.

Unidade 4. Xesús ensínanos a perdoar.

Unidade 5. A coresma, un tempo de solidariedade.

Unidade 6. Grazas pola túa amizade.

Unidade 7. Xesús cumpre a vontade de Deus.

Unidade 8. Os sacramento da reconciliación.

Unidade 9. A Eucaristía.

4. ACTIVIDADES.

Levaranse a cabo diversos tipos de actividades:

- 1.-Actividades de iniciación ou motivación: visualización dun vídeo presentación dun problema da vida cotiá ou unha nova ...
- 2.- Actividades de desenvolvemento: aquelas deseñadas para a adquisición dos contido propostos.
- 3.- Actividades de consolidación: esquemas, resumos...
- 4.- Actividades de reforzo ou ampliación: para aqueles alumnos que non acadan os obxectivos propostos ou xa teñen completamente integrados os contidos e precisan profundizar neles.
- 5.- Actividades de avaliación: probas escritas ou orais

No caso da supresión das clases presenciais, levaranse a cabo actividades telemáticas a través do blog nauladerelli.blogspot.com con acceso dende a páxina principal do centro e se fose o caso a través da aula virtual.

5. TEMPORALIZACIÓN

Os obxectivos propostos distribuiranse ao longo de tres trimestres, en cada trimestre incluiremos as unidades correspondentes a cada unha das distintas áreas cun tempo estimado, para cada unha de elas, dun mes. Terase en conta na secuenciación a incorporación dos contidos non impartidos no curso escolar 2019/20. As unidades didácticas impartiranse:

Unidade 1. O pecado afástanos de Deus. (Setembro: semanas 2,3/ Outubro: semanas 1,2)

Unidade 2. Descubro o perdón. (Outubro: semanas 3, 4, 5 /Novembro: semana 1)

Unidade 3. O Nadal. (Novembro: semanas 2, 3, 4 / Decembro: semanas 1,2)

Unidade 4. Xesús ensínanos a perdoar (Xaneiro: semanas 2,3,4)

Unidade 5. A coresma, un tempo de solidaridade. (Febreiro: semanas 1, 2, 3, 4)

Unidade 6. Grazas pola túa amizade. (Marzo: semanas 1, 2, 3, 4,)

Unidade 7. Xesús cumpre a vontade de Deus. (Abril: semanas 1, 3, 4)

Unidade 8. O sacramento da reconciliación (Maio: semanas 1, 2, 3)

Unidade 9. A Eucaristía. (Maio: semana 4 /Xuño: semanas 1 e 2)

6. COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os **descritores** que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu medio.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

2. Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os **descritores** que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.

- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respeitar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes **descritores**:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

3. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os **descriptores** que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

4. **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos **descriptores** que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

5. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun auto coñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendedor do alumno.

Neste caso, os **descritores** que adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

6. Aprender a aprender

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, na busca da verdade e do ben.

Os **descritores** que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

7. Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- **Dimensión cultural e histórica.** Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- **Dimensión ético-moral.** Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesús
- **Dimensión humanizadora.** Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- **Dimensión epistemolóxica.** Os seus contidos son saberes cun fundamento e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

7. AVALIACIÓN.

7.1 TÉCNICAS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN,

- Técnicas, instrumentos e criterios de cualificación para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe presencial.

Técnicas e Instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe:

TÉCNICAS	INSTRUMENTOS	MOMENTO
Observación directa	Listas de control Rexistro anecdótico	En todo momento
Revisión das tarefas	Guía e fichas para o rexistro	Habitualmente

Controis	Preguntas estruturadas	Ao final da fase de aprendizaxe
----------	------------------------	---------------------------------

Criterios de cualificación:

- a) Fichas e exercicios escritos, actividades, traballo e caderno de clase50%
- b) Preguntas e intervencións orais en clase20%
- c) Observación do esforzo, atención, presentación do traballo, participación en clase, cumprimento das normas do centro e da aula30%

-Técnicas, instrumentos e criterios de cualificación para a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe non presencial.

Técnicas e instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe:

TÉCNICAS	INSTRUMENTO	MOMENTO
Revisión das tarefas	Guías e fichas para o rexistro	Habitualmente

Criterios de cualificación:

-Realización e entrega das tarefas en prazo

- a) Realización e entrega das tarefas en prazo.....60%
- b) Dominio dos contidos específicos da área.....30%

OBSERVACIONES

A valoración por parte da profesora usará a seguinte baremación; INSUFICIENTE (4), SUFICIENTE (5), BEN (6), NOTABLE (7/8), SOBRESAÍNTE (9/10).

No caderno, terase en conta: a realización e corrección dos exercicios, limpeza e orde, ortografía, caligrafía e signos de puntuación adecuados.

No caso de ambos tipos de ensinanza: presencial e non presencial, sempre se terá en conta en maior proporción a nota a primeira.

7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Bloque 1. O sentido relixioso do home.

1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.
2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.

1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.
2. Coñecer as características do perdón de Deus.
3. Memorizar momentos da historia de David nos que abusa da misión encomendada por Deus.
4. Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.
5. Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.

1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.
2. Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.
3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.
4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.
2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.
3. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.

7.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. O sentido relixioso do home.

- 1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
- 1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
- 2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.

1.1. Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.

1.2. Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.

2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.

3.1. Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.

4.1. Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.

4.2. Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.

5.1. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.

1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.

2.1. Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaa.

3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.

4.1. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.

4.2. Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

1.1. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.

1.2. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.

2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.

3.1. Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

7.4. MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- Saber que o fundador do xudaísmo é Abraham; o fundador do cristianismo é Xesús e o fundador do Islam é Mahoma.
- Identificar a Xesús como o mellor amigo dos cristiáns.
- Saber que, para os cristiáns, o exemplo de vida verdadeiro é Xesús.
- Coñecer que debe facer o cristián para seguir a Xesús.
- Saber que a verdadeira mensaxe do Nadal é o nacemento de Xesús o Salvador.
- Identificar os personaxes do Belén.
- Saber cales son os sete sacramentos que converte aos cristiáns en fillos de Deus e membros da Igrexa.
- Saber que a Eucaristía celebra a morte e resurrección de Xesús.
- Identificar a parte máis importante do rito do Sacramento da Eucaristía.
- Saber que, no sacramento da Confirmación, os cristiáns reciben a forza do Espírito Santo.
- Saber que a Pascua cristiá celebra a resurrección de Xesús Cristo.
- Identifica a resurrección de Xesús Cristo co feito máis importante da fe cristiá.
- Saber que o pecado é un mal comportamento que rompe a boa relación con Deus, cos demais e cun mesmo.
- Saber que no sacramento do Perdón, o cristián se reconcilia con Deus, coa Igrexa e cun mesmo.
- Saber que as obras de arte das relixións monoteístas expresan a fe en Deus dos crentes xudeus, cristiáns e musulmáns.

7.5. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.

En cada unidade didáctica inclúense actividades de recuperación e reforzo dos contidos traballados en cada unidade e en unidades anteriores, para que o alumnado poida recuperar e reforzar os contidos que non foron asimilados.

Estas actividades serán elaboradas e revisadas pola profesora.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

- Metodoloxía activa e participativa: Os alumnos/as aprenderán sendo protagonistas activos da súa propia aprendizaxe, pero sempre orientados polo seu mestre, quen potenciará o traballo individualizado e o esforzo persoal.
- Salientar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar as competencias básicas.
- Globalizar (Organizar os contidos arredor dun centro de interese.)
- Favorecer o traballo cooperativo e a resolución pacífica de conflitos.
- Adecuar a linguaxe e a selección dos contidos ao nivel de comprensión de todo o alumnado, especialmente ao daquel que presente necesidades educativas especiais.
- Utilizar as TIC como un recurso de aprendizaxe.
- Aprendizaxe significativo: Os alumnos/as aprenderán a partir do que xa coñecen, os contidos que o profesor presentará organizados e ben secuenciados, relacionándoos coa vida real do alumno.
- As actividades poderán ser tanto orais como escritas.
- Ter en conta as peculiaridades(ritmo, capacidade, motivación...) de cada grupo e de cada neno/a en concreto.
- Priorizar a atención individualizada.
- Maximizar a interacción profesor-alumno e alumno-profesor.
- Establecer plans de traballo de auto-avaliación da aprendizaxe para que o alumno controle o seu propio progreso. Así fomentaremos a autonomía.

En caso de ensino non presencial: O alumnado poderá acceder ás propostas de traballo semanal blog naauladereli@blogspot.com con acceso a través da páxina do centro e/ou aula virtual. Estas tarefas unha vez realizadas son enviadas á profesora para a súa corrección.

A execución de actividades a distancia axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de auto regulación da súa propia aprendizaxe, favorecendo así actitudes e valores como a responsabilidade, disciplina e compromiso para lograr ser autónomos.

8.1. MATERIAIS E RECURSOS.

Ofreceremos aos alumnos/as todos os recursos que teñamos ao noso alcance: recursos humanos, materiais e impresos. Cómpre salientar o uso da biblioteca do colexio, e a biblioteca de aula, como centro de recursos de aprendizaxe e centro de información.

Empregaremos os recursos dispoñibles como:

- Libro de texto.
- Fichas de traballo.
- Biblia.
- Láminas de observación.
- Pizarra.
- CD e DVD.
- Ordenador.
- Pizarra dixital
- Blog

Tamén elaboraremos materiais propios como fichas nas que reforzamos os conceptos traballados ao longo das semanas. O alumnado tamén poderá elaborar materiais propios.

En caso de que a formación teña que ser telemática, empregaranse os seguintes recursos materiais:

- **Abalar:** Aplicación de mensaxería que permite crear unha canle de comunicación coas familias, para enviar información de interese.
- **Aula virtual da Consellería de Educación,** onde se colgarán contidos e tarefas, revisaranse e se reenviarán aos alumnos.
- **Páxina web do centro**
- **Blog:** Ferramenta empregada habitualmente no traballo de aula na que teñen acceso a contidos de ampliación e reforzo.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

- A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, deberanse de adoptar as seguintes estratexias:

- Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

- Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

- Levar á práctica un programa de orientación e acción tutorial no centro.

10. PROGRAMAS EDUCATIVOS

10.1. BIBLIOTECA ESCOLAR E LECTURA.

Durante o curso 2021/22, dende a Biblioteca escolar do centro desenvolverase o proxecto *namor-ARTE* propoñendo actividades que teñan como contido a música, o cine, a literatura, a danza, o teatro ou as artes plásticas.

Gran parte da arte europea está inspirada na fe cristiá. O cristianismo, dende as súas orixes valorou as artes e utilizou a súa linguaxe para comunicar a súa mensaxe. Arte e fe é polo tanto un binomio que acompaña á Igrexa dende hai 2000 anos.

► TEMPO MÍNIMO DIARIO PARA A LECTURA.

Aínda que é na área de lingua onde se traballa máis a lectura, empregaremos a lectura como actividade habitual na clase de relixión católica, cun tempo mínimo por sesión que variará en función dos contidos a traballar e as actividades previstas na programación de aula.

► PRÁCTICAS DE COMPRENSIÓN E FOMENTO DA LECTURA.

Partiremos da base de que aínda que é na área das linguas onde se traballa máis o proxecto lector, tamén se contribúe desde as outras materias a acadar os obxectivos do mesmo.

Na área de relixión tratamos o fomento da lectura con:

- Lectura en voz alta das explicacións que trae o libro xa remarcadas a modo de resumo previa explicación do mestre.
- Lectura en voz alta das actividades do libro que o mestre propoña.
- Lectura individualizada das actividades que o neno copia no caderno do encerado.
- Lectura individualizada das actividades que o mestre entrega aos nenos a modo de fichas de ampliación ou de reforzo.
- Lectura dos exercicios, primeiro individualizada e en voz baixa, para rematar nalgúns ocasións léndoos en voz alta algún dos alumnos e explicándoo ao resto da clase, traballando en gran medida a concentración e a comprensión lectora.

► PRÁCTICAS DE FOMENTO DA ESCRITURA

Na área de relixión tratamos o fomento da escritura con:

- Realización de exercicios escritos no caderno de traballo
- Realización de probas escritas de control periódicas ao longo do curso.

10.2. EDUCACIÓN DIXITAL:

A área de relixión contribúe á educación dixital a través:

- Emprego de recursos dixitais de forma habitual.
- Utilización básica do ordenador
- Buscas guiadas en internet.
- Emprego dos recursos dixitais de forma ética e responsable.

11. PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de convivencia do centro establece un marco de entendemento entre todos os membros da comunidade educativa e permite desenvolver con normalidade a actividade na aula. En todo momento garantírase o seu cumprimento.

12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizarase periodicamente tendo en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos programados ás características do alumnado.
- A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- O emprego apropiado da metodoloxía e dos materiais curriculares en cada momento.
- A validez dos criterios de avaliación.
- A pertinencia de adoptar medidas de atención á diversidade e de adaptación curricular.
- A consecución dos obxectivos programados.

13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación da práctica docente debe realizarse en todo momento, antes, durante e despois do acto educativo. Os obxectivos que pretendemos á hora de avaliar a práctica docente son, entre outros, os seguintes:

- 1- Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e de cada alumno.
- 2- Comparar a planificación curricular co seu desenvolvemento.
- 3- Detectar dificultades e problemas.
- 4- Fomentar a reflexión individual e colectiva.
- 5- Mellorar as redes de comunicación e a coordinación interna.

Avaliarase o clima de aula, a planificación curricular de unidades didácticas (obxectivos, contidos e actividades), a metodoloxía aplicada e o uso de recursos e tempo así como a práctica avaliativa.

Os instrumentos básicos de recollida de información empregados son os cuestionarios para estudantes sobre a práctica docente, a observación dos resultados obtidos ao final dunha unidade, de cada trimestre e ao final do curso e finalmente unha autoavaliación do profesor, reflexionando sobre os resultados e propoñendo melloras.

